

# « Implicacións do Teito do petróleo para a sociedade e para a esquerda política e social »

## 1. Presentación do Teito e mais de Véspera de Nada

---

### Que é o Teito do Petróleo (Peak-oil):

- É o momento a partir do cal **cada ano se extraerá menos petróleo** a nivel mundial. É un **inevitable** fenómeno xeolóxico para o que o non estamos preparados, o **primeiro choque** do imposible crecemento económico perpetuo contra os **límites naturais do Planeta**.
- Dúas saídas finais a esta situación:
  - a) **colapso da civilización actual (industrial)**
  - b) unha Gran Transformación socioeconómica e cultural de volta a un consumo enerxético sustentable = III Gran Revolución na Historia da Humanidade (I=Agricultura; II=Industrial).

### Obxectivos da asoc. *Véspera de Nada*:

- Pequeno grupo de activistas e investigadores, desde 2008.
  1. **Espallar o coñecemento** sobre o Teito do petróleo e as súas consecuencias.
  2. **Poñer en valor** iniciativas, proxectos, saberes, etc. de utilidade para a Galiza posterior ao Teito. **Demostrar** na práctica modos de vivir sen petróleo.

## 2. Unha aclaración fundamental: a Ecoloxía non é un tema máis

---

- Foros coma este ou iniciativas como a Rede Anticapitalista, ou calquera partido de esquerdas, adoitan dividir o **debate político** segundo o gusto **analítico** en diversos temas: así a Ecoloxía acaba sendo *un tema máis*.
- Pero en realidade é a *base* de todo, absolutamente **trasversal** e *conditio sine qua non* para todo o demais.
- Isto pódese comprobar especialmente cando falamos de consumo de **recursos** e da cuestión **enerxética**: non se trata do *deterioro ambiental* ou de *protexermos o medio ambiente*, como se fose unha cousa allea a nós. Sen a biosfera non existimos, e sen a enerxía que obtemos dela/nela, tampouco. Non se pode debater ningunha política nin ningunha actuación política ou social sen ter en conta a situación crítica da nosa especie en relación ao seu ecosistema. **As leis físicas, xeolóxicas, biolóxicas, ecolóxicas... teñen precedencia sobre as políticas, económicas ou sociais e condiciónanas** de maneira absoluta. **Non hai esquerda ou dereita que valla, capitalismo ou comunismo, cando falla o soporte enerxético dunha especie.**
- O Teito do petróleo, como primeiro impacto a nivel mundial, váinolo demostrar polas malas.

## 3. Por que é tan grave o Teito do petróleo?

---


- É algo máis profundo ca unha *crise de sistema*: é unha **crise de civilización**.
- Nos últimos 150 anos construímos unha **civilización baseada na E fósil**: viramos unha especie *detritívora* (comemos literalmente petróleo, é dicir, un detritus non renovable) [William

[Catton](#)].


- Como que comemos petróleo?!? Para obtermos 1 caloría de alimento coa agricultura industrializada actual precisamos de media 10 calorías fósiles. Iso é insostible!
- A cuestión básica que ninguén debería perder de vista: a **E fósil ten os días contados**: 1º o Teito do petróleo e case simultaneamente (en termos históricos) o do gas natural e do carbón.
- Existen diverxencias en canto á data concreta pero cada vez máis informes (de expertos e organizacións independentes e mesmo a AIE) apuntan a que para **dentro de 2 a 5 anos comezarán os problemas de desabastecemento** da economía mundial. Levamos desde 2005 cunha produción estancada.
- Ademais a **TRE está a caer**. Por debaixo dunha TRE determinada (=5?) **non é viable unha civilización de tipo industrial**, se cadra só certo tipo de civilización agraria. [\[Charles Hall et al.\]](#) Podemos chegar a ese valor en moi poucos anos! (2025? [\[David Murphy\]](#))

$$TRE = \frac{E_{invertida} + E_{neta}}{E_{invertida}}$$

- A única E que nos quedará será a **renovable**, pero...
- A E renovable non é un *substituto* viable da E fósil: a súa implantación require moita E... en boa medida fósil! E os cálculos de escala non saen: **non pode terminar dunha sociedade industrial de consumo** como a actual [\[Ted Trainer\]](#). Saquemos esa ilusión da nosa cabeza canto antes!
- Por primeira vez na historia da nosa especie **non imos ter cada vez + E!** Agricultura=>Descobrimiento de América=>(Rev. Ind.)Carbón=>Petróleo...




- O descenso enerxético non será simétrico ao ascenso: unha economía mundial que só sabe funcionar se crece continuamente non poderá adaptarse a esta situación de descenso irreversible = **colapso**.
- Non seremos a primeira civilización en fracasar na súa batalla contra a entropía [\[Joseph Tainter\]](#). A **complexidade dunha civilización ten un custo enerxético** cada vez meirande, e ao final chega a un punto en que non compensa incrementalala... esixe máis E cós rendementos que fornece (*Principio dos Rendementos Marxinais Decrecentes*), a E esgótase e ao final (teoría dos *Sistemas Dinámicos Adaptativos*) o sistema perde bruscamente a súa complexidade (*discontinuidade, punto de emborque*) = colapso.
- Cada vez + E... => + complexidade => progreso.
- Cada vez - E... => - complexidade => colapso / decrecemento controlado??
- Lei básica dun ecosistema: **capacidade de carga = ou > poboación X consumo de recursos**. Cando




desapareza a capacidade de carga *extra* ou *pantasma* que tivemos grazas ao petróleo... ou temos reducido o noso consumo, ou **veremos reducida a nosa poboación en varios milleiros de millóns de persoas**, ata volver aos niveis de poboación que pode manter o noso ecosistema só cos recursos renovables (poboación da época preindustrial).

- Conclusión: Vai haber **Decrecemento queiramos ou non!** E en moi breve prazo.
- Loxicamente nun mundo dividido en Estados, clases sociais, poder público e privado, etnias, relixións, etc. o máis probable será **unha prolongada guerra a múltiples niveis polos últimos recursos**, agachando a razón última e buscando diversas cabezas de turco: unha guerra que xa ten comezado (Irak, Afganistán, etc.).
- A lección da Ecoloxía: Despois do colapso podería comezar un novo ciclo adaptativo, a lenta construción dunha civilización totalmente distinta, ou ben a extinción ou cuase extinción (*pescozo de botella evolutivo*) [William Catton].




#### 4. Consecuencias: os anos despois do Teito

- Diversos estudos advirten das consecuencias a todos os niveis: económico, alimentar, social, político... O primeiro e máis coñecido foi no 2005 encargado polo goberno Bush: O **Informe Hirsch**. Advertía de que había que anticiparse 20 anos á chegada do Teito para evitar as súas consecuencias máis graves. Cada vez máis **estudios militares** abordan o tema, pero non teñen apenas difusión na prensa (o último foi un informe da intelixencia militar alemá). Os políticos calan porque ou ben ignoran o tema ou só miran o curto prazo (eleccións) e non teñen solucións: disimulan mentres poden. (Temos aínda unha **pregunta de Llamazares** pendente de responder —finais de Xuño— por parte do goberno español.)
- É máis: tense apuntado á suba do petróleo en 2008 como o **detonante da crise actual**, algo que está sendo agachado grazas aos prezos máis baixos da actualidade (e que aínda así duplican o que viña sendo habitual ata 2005). Así que **xa** estamos vivindo as primeiras consecuencias.
- Estas son **algunhas das consecuencias** a medio prazo que apuntan eses estudos:
  - Fin do crecemento económico. Colapso do sistema financeiro baseado na creación de diñeiro vía crédito: ao non haber crecemento non se poden pagar xuros.
  - Colapso progresivo dos mercados e do sistema económico mundial.
  - Reinstauración do control gobernamental sobre determinados campos. Racionamento enerxético e de produtos. Renacionalización de sectores estratéxicos?
  - Fin da mundialización neoliberal polo encarecemento do transporte e o fallo nas cadeas de subministro mundiais. Relocalización da actividade económica.
  - Desabastecemento de combustible, de alimentos, de todo tipo de produtos de consumo.



- Abandono parcial das cidades e retorno masivo e desordeado ao campo.
- Colapso do sistema sanitario.
- Recuperación de prácticas preindustriais.
- Crise cultural e de valores. Readaptación custosa en termos psicosociais.
- Conflitos políticos e sociais, dentro dos países e a nivel internacional.
- Colapso total dalgúns países. Desintegración doutros.
- etc.

### World Crude Oil Production and Gross Domestic Product are interrelated



## 5. Criterios de actuación política precisa ante o Teito

### Claves de política enerxética:

- Autoxestión da E a todos os niveis = **Soberanía enerxética** (e *alimentar* = E endosomática)
- Xestión **descentralizada da E**: achegar as fontes de E aos lugares onde se consumen.
- **Redución drástica** do consumo: eficiencia, si, pero sobre todo aforro (decrecemento), senón caeremos no *Paradoxo de Jevons* (+eficiencia => +consumo).
- Pero... **xestionar a E implica xestionar a economía**: ¿é factible na denominada *economía libre de mercado*? Se non hai **control democrático** da economía, non pode haber xestión do consumo enerxético (xestión da demanda).

- E se non damos xestionado (reducido) a demanda... non haberá nada que facer!
- Tamén sería fundamental a **transparencia** sobre o petróleo que queda: reservas infladas da OPEP, informes falseados da AIE por presións dos EEUU, etc.

### **Algunhas medidas (ou “Bases para unha sociedade con futuro”):**

- A situación non admite medias tintas: estamos facendo **demasiado pouco e demasiado tarde**.
- *A grandes problemas, grandes remedios*: sería precisa unha mobilización mundial coordinada (ou nacionais, no seu defeuto) sen precedentes, adopción do Protocolo de Uppsala, renunciar á previsible competición salvaxe de todos contra todos polos restos de E fósil... as *guerras polos recursos* que xa comezaron.
- ...Pero non sería intelixente *agardar* que suceda iso! (Todo apunta a que sucederá o contrario.)
- ¿Que podemos facer *desde xa* a nivel persoal, familiar, comunitario... local?
- Imos recollendo medidas en **VesperaDeNada.org** clasificadas en políticas públicas ou medidas persoais e por áreas, e proximamente tamén nun *Manual para o Descenso Enerxético* que editaremos co Concello de Teo.
- Unha mostra:
  - **Economía – políticas públicas nacionais e locais:**
    - Promover a relocalización da economía (o contrario á globalización).
    - Reconverter as industriais insustentables.
    - Incentivar a eficiencia e a autosuficiencia enerxética das empresas.
    - Reorientar a produción cara o consumo interno e non á exportación.
    - Revisión de todos os planos de investimento público baixo un escenario permanente de petróleo caro.
    - Renunciar ao mito do crecemento perpetuo.
    - Reformular o sistema educativo para promover saberes útiles non dependentes da enerxía fósil.
    - etc.

## **6. Que facer? Estratexia da esquerda ante o Teito**

---

### **Reformulacións políticas:**

- A opción polo **Decreemento** voluntario e anticipado debe ser inequívoca, e asumida tamén a nivel sindical.
- Incorporar aos postulados de esquerda clásica unha visión ecolóxica e científica consciente do Teito, a todas as áreas.
- **Abxurar** do mito do *crecemento sostible*.
- A esquerda non pode vivir ancorada nos parámetros dunha civilización industrial que está a morrer. Hai que **repensar o futuro** e nese mundo sen petróleo, local, desintegrado... qué vai significar *ser unha forza política de esquerda*?
- Pódese seguir sendo *progresista* cando chegou **a fin do Progreso**? Como defender un

### **Estado do Benestar** condeado a morrer por falta de enerxía?

- A **misión** non debería trocar de *transformar a sociedade a axudar a unha sociedade abandonada polo poder => sobrevivir a unha transformación inevitable?*
- Trocar tamén o referente: clase *traballadora* => ?? Terá sentido seguir a falar do *dereito ao traballo*?
- A aposta polo abandono de modos de vida consumistas debe ser case relixiosa: máis ben é unha apostasía da relixión do crecemento perpetuo! Os dirixentes de esquerda deben ser os primeiros en **dar exemplo** doutra maneira de vivir, fóra do capitalismo.
- Poñer en primeira liña a cuestión ética: renunciar ao petróleo para non roubarlles o futuro ás vindeiras xeracións. Acusar sen medo aos usuarios de coche privado ou consumidores de mercancías procedentes de milleiros de Km de roubar ese futuro. Deixar de usar o coche para que poida andar o día de mañá un tractor que produza alimentos ou unha ambulancia que trasporte enfermos. **Radicalidade ética** do consumo enerxético.
- **Denunciar a economía ortodoxa** por anticientífica e apostar pola ecolóxica. Demandar medidas de cuantificación do custo de reposición do petróleo, da mochila enerxética dos produtos e apoiar encarecementos, racionamentos e impostos que promovan a redución do seu consumo.
- Aposta crítica e realista pola **E renovable**: partindo de que é imposible substituír con ela a fósil.

### **Reformulacións estratéxicas:**

- Modificar a **diagnose**: non é unha crise de sistema, é algo máis: unha **crise civilizatoria**.
- Todo o que fagamos debe ser posto en marcha con **urxencia**, dada a inminencia do Teito.
- É demasiado optimista pensar en alcanzarmos responsabilidades de goberno a nivel nacional antes de que comece a impactar o Teito, e tamén pensar en convencer aos partidos maioritarios, e polo tanto debemos asumir que non poderemos aplicar políticas de preparación a tempo, polo menos a esa escala.
- Se cadra no **nivel local** si: aí deberían incidir con decisión e valentía os **concelleiros/as e alcaldes(as)** de esquerda, e mesmo os candidatos para as vindeiras municipais:
  - Divulgación:
    - Explicando aos cidadáns o problema.
    - Explicando cómo prepararse.
    - Promovendo a difusión da cuestión a niveis máis altos, sobre todo sendo referente para outras administracións de como vivir sen petróleo cando comece a escaseza e a nova suba dos prezos.
  - Apoiando todas as iniciativas de divulgación e preparación.
  - Seguindo o exemplo das *Transition Towns, PostCarbon Cities*, etc. Centos de localidades en todo o mundo que están a avaliar a vulnerabilidade e trazando plans para poder resistir a perda do petróleo.
  - **A principal misión dunha alcaldesa ou alcalde de esquerdas** nestes vindeiros anos debería ser preparar o seu concello para aminorar o impacto do Teito sobre os seus veciños.
  - **Concentrarmos esforzos no nivel local, porque o futuro será local.**
- É vital **crearmos referentes!** É o máis importante que podemos facer, como organizacións políticas, como institucións, como persoas! A mudanza social terá que vir pola replicación de

referentes de vida e economía sen petróleo. Cando impacte o Teito os cidadáns apreciarán quen lles dea maneiras de saír adiante e virará costas a aqueles que non os avisaron e os mantiveron ignorantes sobre o que lles viña enriba. Haberá moita **carraxe** e moita necesidade de cooperación solidaria! Deberíamos adicar o noso tempo menos a reflexións teóricas ou a combater un sistema que ten os días contados, e máis axudar aos nosos concidadáns a prepararse para sobrevivir! Abandonar o obxectivo de chegar ao poder para cambiar as cousas... e axudar desde abaixo a afortalar a **resiliencia social**.

- Incidir na **acción política e social no rural**, xa que será o terreo de xogo principal do futuro e onde temos os principais valores e recursos que farán posible ese futuro. ...Aínda que os peores impactos hanos sufrir as cidades.
- Debemos **formarnos** e analizar o panorama que imos vivir, para saber como incidir e aproveitalo para responder ao capitalismo agoniante. Existen diversas fontes de información de calidade en Internet e ao noso redor (especialistas como Xoán Doldán). A **extrema dereita** xa se está a informar e preparar en diversos países. Os gobernos dos países máis poderosos tamén o saben, mais non o fan público... Están a preparar disimuladamente **medidas de recorte de liberdades** que lles permitirán xestionar dun xeito autoritario o colapso.
- **Cuba** pode axudarnos nese proceso de formación porque é o único país do mundo que viveu algo semellante no seu Período Especial: documental *Power of Community: How Cuba survived Peakoil*.
- Hai que **anticiparse** ás manobras previsibles do poder: recuperación da mentira nuclear, agrocombustibles, busca desesperada de petróleos difíciles (areas bituminosas, augas profundas) e de altísimo custo ecolóxico, p.ex. As élites de hoxe tentarán ser as élites post-industriais, neo-feudais... algúns xa se están posicionando silenciosamente para *flotar por riba da merda*.
- Hai que **criticar** por absurdas neste contexto as novas infraestruturas viarias, a promoción do automóvil (mesmo o eléctrico), AVE, etc. É un argumento adicional contra todo isto, contundente e irrefutable.
- **Tal e como Marx** e outros fundadores da esquerda moderna axudaron aos seus contemporáneos a comprender a situación de explotación que vivían, como chegaran a ela e como loitaren contra ela, é misión nosa agora **explicar** aos que máis van sufrir neste colapso sistémico as causas e as posibles saídas.
- Loitar contra o *cultural lag*, poñendo en marcha xa a mudanza, a revolución cultural e social precisa... desde abaixo.
- Debemos pensarnos no futuro, a uns poucos anos vista: como afrontarmos un progresivo (ou se cadra súpeto) **caos social**, desabastecementos de comida, paro masivo, economías e Estados en bancarrota monetaria e enerxética, desintegración dos aparatos de Estado, conflito social, violencia, imposición de medidas de excepción, restrición dos dereitos civís (aínda non vimos nada!), guerras...
- Viviremos un **contexto revolucionario**, moi tentador para populistas, golpistas, chauvinistas, racistas... Vanse crear espazos de oportunidade para substituír un sistema colapsado.
- Hai quen di que **só un goberno autoritario pode xestionar unha sociedade da escaseza. A democracia** (ou isto que temos agora e que chaman así) **é moi dubidoso que sobreviva** ao petróleo.
- En resumo: *Preparémonos para o peor mentres axudamos a construír o mellor.*

